



mestres das cortes reais

XOVES 8 FEBREIRO 2024

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Enrico Onofri, director

CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri

Sala Mozart, 19.45 h

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

DOMENICO SCARLATTI (1685-1757)

Sinfonía en Do Maior para cordas e baixo continuo

PIETRO GIORGIO AVONDANO (1692-1754)

Sinfonía en Re Maior para cordas e baixo continuo

GAETANO BRUNETTI (1744-1798)

Sinfonía núm. 22 en sol menor para 2 óboes, fagot, 2 trompas e cordas

Allegro vivace

Andantino amoroso

Quintetto. Allegro moderato

Allegro di molto

LUIGI BOCCHERINI (1743-1805)

Musica Notturna nelle strade di Madrid núm. 6, op. 30

Le campane de l'Ave Maria

Il tamburo dei Soldati

Minuetto dei Ciechi

Il Rosario

Passacaglia

Il tamburo

Ritirata

Sinfonía núm. 6 en re menor, op. 21, G.506

“A casa do demo”

Allegro meastoso

Grave

Allegro con molto

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en chegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Enrico Onofri

VIOLÍNS I

Alexis Aguado
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Elina Viksne
Samira Ajkic
Helena Sengelow

VIOLAS

Natalia Madison *
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Ignacio Marino

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Amador Del Pozo

CLAVE

Diego Fernández (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Enrico Onofri

Director

Director titular da Filharmónica Toscanini de Parma, director asociado da Münchener Kammerorchester e da Orchestre National d'Auvergne, así como colaborador artístico da Haydn Philharmonie, director musical e director da orquestra Academia Montis Regalis, Enrico creceu no antigo obradoiro dos seus pais en Rávena (Italia), rodeado da beleza do pasado desde o inicio dos seus estudos musicais, desenvolvendo así unha paixón polas representacións históricas. Como director e solista, viuse así levado a explorar o repertorio do século XVII ao XX creando a súa linguaxe persoal a través do coñecemento das praxes históricas, pensadas como extraordinarias fontes de inspiración para novas ideas e panoramas na interpretación.

A súa carreira comezou cunha invitación de Jordi Savall para ser concertino da Capella Real cando aínda era estudante. Moi pronto comezou traballar con agrupacións como o Concentus Musicus Wien, Ensemble Mosaiques e Il Giardino Armonico, o conxunto que dirixiu como concertino e solista de

1987 a 2010. En 2002 iniciou a carreira de director, o que lle brindou grandes eloxios e numerosas invitacións de orquestras, teatros de ópera e festivais de toda Europa, Xapón e Canadá. Desde 2006 é director invitado da Orquesta Barroca de Sevilla.

As invitacións como director ou director residente inclúen orquestras como Akademie für Akademie für Alte Musik, Camerata Bern, Bochumer Symphoniker, Wiener Kammerorchester, Festival Strings Lucerne, Kammerorchester Basel, Tafelmusik Toronto, Orchestra Ensemble Kanazawa, Orchestra do Maggio Musicale Fiorentino, Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Orquesta de l'Opéra de Lyon, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Metropolitana de Lisboa, Real Filharmonía de Galicia, Riga Sinfonietta e máis.

No campo da ópera, dirixiu producións na Ópera de Lyon, Teatro de la Maestranza de Sevilla, Teatro Regio Torino, Ache Staatstheater, entre outros, traballando con directores de escena como Alessio Pizzesch, Mariame Clément, David Marton, Stephen Lawless.

Fundou o grupo de cámara Imaginarium Ensemble para interpretar o gran repertorio de violín solista italiano desde principios do Barroco ata o Século das Luces. Os CD's de Imaginarium Ensemble recibiron numerosos premios. Entre eles, o prestixioso Diapason d'Or do ano 2020 de Francia por "Into Nature, Vivaldi's Seasons and other sounds from Mother Earth".

Enrico actuou nas salas de concertos máis famosas do mundo, como Musikverein e Konzerthaus en Viena, Mozarteum en Salzburgo, Philharmonie e Unter dean Linden Opera en Berlín, Alte Oper en Frankfurt, Concertgebouw en Amsterdam, Teatro San Carlo en Nápoles, Carnegie Hall e Lincoln Center de Nova York, Wigmore Hall e Barbican de Londres, Tonhalle de Zúric, Théâtre deas Champs-Élysées e Théâtre du Châtelet de París, Auditorio Nacional de Madrid, Oji Hall de Tokio, Osaka Symphony Hall, Teatro Colón de Buenos Aires, xunto a artistas como Nikolaus Harnoncourt, Gustav Leonhardt, Christophe Coin, Cecilia Bartoli, Katia e Marielle Labèque e máis. Moitas das gravacións de Enrico con Teldec, Decca, Astrée, Naive, Deutsche Harmonia Mundi

/ Sony, Passacaille, Nichion, Pentatone, Winter & Winter, Opus111, Virgin, Zig Zag Territoires etc., foron galardoadas con prestixiosos premios internacionais, como o Gramophone Award, Grand Prix deas Discophiles, Boto-Deutsche Schallplattenpreis, Premio Caecilia, Premio Fondazione Cini de Venecia, A Nouvelle Academie du Disque e numerosos Diapason d'Or, Choc da Musique, 10 de Répertoire deas disques compacts.

Enrico foi profesor de violín barroco e interpretación de música barroca no conservatorio A. Scarlatti de Palermo desde 1999, actualmente no conservatorio G. Rossini de Pesaro. Foi convidado a impartir clases maxistras por toda Europa, Canadá, USA (Juilliard School, Nova York) e Xapón. Foi titor e director da EUBO (European Union Baroque Orchestra). En 2019 foi galardoado co premio F. Abbiati como mellor solista do ano.

NOTAS AO PROGRAMA

O mestre Enrico Onofri e a Real Filharmonía ofrécennos un concerto conformado por obras de catro compositores italianos que traballaron nas cortes reais de Portugal e España no S.XVIII, representantes todos eles dun estilo que abarca un arco dende o Barroco ao Clasicismo: Domenico Scarlatti, Pietro Giorgio Avondano, Gaetano Brunetti e Luigi Boccherini. Esta expansión europea de músicos italianos foi moi habitual dende a centuria anterior e contribuíu á transmisión e enriquecemento da tradición musical de cada un dos países nos que se asentaron. Do mesmo xeito, o estilo deses músicos viuse influenciado por trazos locais, como o caso de Scarlatti ou Boccherini, onde a pegada da música popular española é moi evidente. Un repaso ás traxectorias dos catro autores exemplifica tamén outro fenómeno moi común entre os compositores durante o antigo réxime: o padroado, aquel no que un músico era parte da servidume dun rei ou nobre e non un profesional libre. Este sistema establecía en realidade unha relación de simbiose onde as dúas partes saían beneficiadas dalgún xeito: o monarca que tiña en exclusividade a un compositor obtiña

un gran prestixio social polo seu poder económico e pola súa sensibilidade cara ás artes; de igual xeito o compositor conseguía protección para el e a súa familia, ademais de estabilidade económica. Así mesmo, a música servía como factor de igualación social, cando menos momentánea, xa que en moitos casos os monarcas ou nobres eran alumnos dos compositores e compartían veladas de práctica instrumental.

En primeiro lugar escoitaremos a *Sinfonía en Do Maior* para cordas e baixo continuo de Domenico Scarlatti (1685-1757). Fillo do famosísimo compositor operístico Alessandro Scarlatti, Domenico naceu en Nápoles (vicerreinado español naquel momento) en 1685 e con só dezaseis anos comezou a traballar na Corte Real da cidade como organista e mestre de clave do vicerrei. Despois de diversas estancias en varias cidades italianas, Roma e Venecia, onde contactaría con importantes mestres barrocos como Arcangelo Corelli ou Antonio Vivaldi, viaxou a Lisboa en 1719 para traballar na corte de Joao V. A monarquía portuguesa estaba atravesando un momento de esplendor pola chegada do ouro dende o

Brasil e a música xogaba un papel fundamental entre os entretamentos da familia real. Scarlatti foi nomeado mestre de clave da princesa María Bárbara de Braganza da que xa non se separará ata a súa morte, trasladándose con ela a España en 1729 despois do seu casamento co príncipe de Asturias Fernando, que será o futuro monarca español Fernando VI. O compositor napolitano escribiu máis de 500 sonatas para o clave, os “*Essercizi*”, que marcan o camiño cara o Clasicismo dentro da música instrumental e son o máis coñecido da súa produción. Moitas delas son de carácter pedagóxico para traballar distintos aspectos técnicos do instrumento e foron dedicadas á súa “real” alumna. Á sombra deste vasto repertorio para tecla, atopamos outras obras non menos interesantes, como a sinfonía que forma parte do programa desta noite, expoñente da súa música orquestral. Foi composta arredor de 1710, antes de emprender a aventura lisboeta, na cidade de Roma, onde traballaba para unha antiga raíña polaca exiliada. É unha peza breve cunha estrutura en tres movementos (*Presto-Andante e staccato e Allegrissimo*) que recorda

a unha abertura napolitana de ópera, modelo instaurado polo seu pai, que sempre tiñas tres seccións (rápida-lenta-rápida) e que en moitos casos eran denominadas precisamente *sinfonía avanti la ópera*. No primeiro movemento, *Presto*, destacan as figuracións rápidas que denotan unha clara influencia da música instrumental veneciana de autores barrocos como Vivaldi. Seguidamente, O *Andante e staccato* supón un contraste polo seu carácter serio e prudente. O *Allegrissimo* final é unha especie de danza na que sobresaie o papel de dous violíns e un violonchelo á maneira dun concerto grosso.

A seguinte obra do programa é a *Sinfonía en Re Maior para cordas e baixo continuo* de Pietro Giorgio Avondano (1692-1750/1752), violinista e compositor de orixe xenovés. En 1711 chegou a Lisboa para traballar tamén na corte de João V e formou parte da orquestra da Capela Real durante tres décadas, permanecendo precisamente durante un tempo baixo a dirección de Domenico Scarlatti. Foi un autor activo con composicións para a capela e orquestra reais, así como para a igrexa do Loreto, moi frecuentada por italianos

NOTAS AO PROGRAMA

afincados na urbe lusa. Os Avondano foron unha importante saga de músicos, destacando por riba de todos o fillo deste compositor, Pietro Antonio Avondano, quen ensombreceu coa súa fama os demais, chegando a atribuírselle obras que en realidade eran do seu pai, como a sinfonía que se escoitará no concerto de hoxe. Escrita para unha orquestra de cordas e baixo continuo, presenta un estilo claramente asentado no Barroco e divídese en tres movementos: *Allegro*, *Adagio* e *Allegro*. Esta estrutura e a unidade temática de cada un deles achégao aos concertos *ripieno* —para orquestra e sen solistas— de Antonio Vivaldi.

Ao igual que Avondano, Gaetano Brunetti (1744-1798) foi violinista e compositor. Naceu en Fano (Italia) e chegou a Madrid en 1760, con dezaseis anos. Sete anos máis tarde, conseguiu a praza de violinista na Capela Real e en 1770 convértese en mestre de violín do príncipe de Asturias, futuro Carlos IV, co que vai permanecer toda a súa vida. Cando este é nomeado monarca, trala morte do seu pai Carlos III, Brunetti pasa a ser a figura musical máis importante da Corte, dirixindo e decidindo sobre calquera actividade que tivese que ver coa

música tanto no Palacio Real como nos demais Reales Sitios (Palacio del Pardo, Monasterio del Escorial, Aranjuez ou a Granja de San Ildefonso). A súa situación foi en certa maneira paradoxal, posto que este dominio e exclusividade coa monarquía española o condenou posteriormente ao esquecemento, xa que as súas partituras non circularon de maneira libre —a diferenza doutros autores coetáneos como Boccherini ou Haydn—, sendo un compositor ignorado ata tempos ben recentes. A súa produción compositiva foi moi abundante e na actualidade tense constancia de que escribiu cando menos 346 obras, entre as que destacan 36 sinfonías, 47 tríos, 65 quintetos, 75 sonatas para violín, 50 cuartetos e 12 sextetos. Algúns musicólogos sinalan que tanto Brunetti como Boccherini, do que se falará a continuación, marcaron a pauta do sinfonismo clásico en España, onde non existía unha tradición neste xénero. A *Sinfonía en Sol menor L311 núm.22* foi composta en 1783, está escrita para 2 óboes, fagot, 2 trompas e cordas, e consta de catro movementos: *Allegro Vivace*, *Andantino amoroso*, *Quintetto*: *Allegro moderato* e por último, *Allegro di molto*.

O primeiro presenta unha forma sonata como é habitual nas sinfonías clásicas con tres partes diferenciadas: exposición, desenvolvemento e recapitulación, e nel destaca especialmente un tema interpretado polos violíns en figuracións rápidas que descenden. O segundo, como indica o apelativo do seu título, é de carácter lírico e funciona como elemento contrastante; nel escoitamos dous temas distintos. Seguidamente, no terceiro, a primeira parte está destinada ao quinteto de ventos (óboes, trompas e fagot) que son respondidos polas cordas de maneira vigorosa para pechar de novo os ventos co tema inicial. O *Allegro di molto* final é unha especie de rondó no que unha melodía ou tema principal aparece unha e outra vez como o retrouso dunha canción popular.

Pechan o programa dúas obras de Luigi Boccherini (1743-1805). Nado en Lucca, o violonchelista e compositor italiano, pasou os primeiros anos de vida na súa cidade, onde se formou co seu pai e un músico local. Posteriormente, realizou estudos de violonchelo con Costanzi en Roma, para regresar pouco despois de novo a Lucca. Trala morte do seu

pai, emprendeu o seu periplo europeo, recalando en París con dous amigos violinistas cos que formaba o trío Toscano. Aínda que se acostuma a sinalar que na capital francesa foi contactado polo embaixador español para vir a traballar á Corte madrileña, en realidade a razón de trasladarse foi persoal: estaba namorado dunha cantante da que seguiu os seus pasos, permanecendo no noso país ata a súa morte. Unha vez instalado na capital do reino, foi nomeado compositor e virtuoso de cámara do infante don Luís, irmán do monarca Carlos III, tendo que acompañalo ao seu “desterro” en Arenas de San Pedro (Ávila) despois de que este se casara nun matrimonio morganático. Foi alí onde escribiu, quizás con certa morriña, o *Quinteto en Do Maior, op. 30 núm. 6 G.324, La Musica Notturna delle strade di Madrid*, unha das súas poucas obras de carácter descritivo. Escrito en 1780, trátase dunha paisaxe sonora que intenta retratar escenas do ambiente madrileño e ten un claro sabor local (de feito o propio compositor sinaláballe ao seu editor Pleyel que non tiña sentido publicar nin interpretar a obra fóra do contexto de Madrid). Iníciase con “Ave

NOTAS AO PROGRAMA

Maria delle Parrochie”, onde os *pizzicati* simulan o toque das campás das igrexas chamando á oración vespertina e a continuación, “Il tamburo dei Soldati”, a cargo do violín primeiro, imita un redobre de tambor. Seguidamente, o “Minuetto dei ciechi”, que contén indicacións na partitura para emular o *rasgueo* e posición dunha guitarra, intenta describir a un mendigo cego que canta con este instrumento como Goya (compositor e pintor tiveron unha estreita relación) fixo en *El ciego de la guitarra*. “Il Rosario” supón un momento de meditación e quietude para o rezo do rosario despois da chamada das campás que escoitamos no primeiro movemento, aínda que nalgúns momentos hai breves interrupcións do ruído das rúas. O seguinte movemento, o máis célebre da obra, titúlase “Passacalle”, pero é máis coñecido como “Los Manolos”. O pasarrúas era unha danza que se interpretaba cunha guitarra e que consistía nunhas variacións sobre un baixo sinxelo en ritmo ternario que acostumaba a empregarse como interludio entre outras pezas. Normalmente era tocada pola figura do “Manolo” ou “majo”, personaxe descarado e extravertido

que intentaba namorar as rapazas coa súa música (tamén retratado no cadro coetáneo *El majo de la guitarra* de Francisco de Goya). Finalmente, volvemos escoitar o violín primeiro imitando o tambor para dar paso á “Ritirata”, que consiste en 12 variacións sobre unha melodía que supostamente foi empregada como aviso para o toque de queda decretado despois dun motín que houbo en Madrid contra unhas medidas restritivas aprobadas por Carlos III. Neste movemento, que será posteriormente “reciclado” noutras obras súas, destaca especialmente un efecto dinámico moi interesante que intenta retratar como a tropa se achega e logo se afasta de novo.

A última obra do programa é a *Sinfonía núm.6 en Re menor “La casa del Diavolo” opus 12/4 G 506*. Escrita en 1770 pretende ser unha homenaxe ao compositor Gluck, a quen coñecera en Viena dez anos antes e fora un dos seus primeiros impulsores. É a cuarta da súa primeira serie de sinfonías e está dividida en tres movementos: Andante sostenuto-Allegro assai, Andantino con moto e Andante sostenuto-Allegro. No primeiro, a introdución lenta presenta un carácter sombrío conseguido cuns

acordes repetidos e un ritmo marcado que xeran unha certa idea teatral de expectativa. O Allegro ten unha estrutura de sonata clásica (exposición-desenvolvemento e recapitulación) e o tema principal está extraído dunha sonata para violín que o violonchelista de Lucca escribira dous anos antes. O segundo movemento caracterízase por un lirismo apaixonado que o relaciona co movemento literario do Sturm und Drang. Finalmente, no terceiro, retómase a introdución lenta do primeiro que dá paso a unha especie de chacona que supón unha apelación directa ao ballet de Gluck, *Don Xoan ou o convidado de pedra*. Os violentos contrastes dinámicos, os motivos ascendentes e as pasaxes virtuosas nas cordas confírenlle un claro sabor dramático.

Gocemos pois deste percorrido musical por territorios ben próximos ás nosas fronteiras da man de mestres italianos da época ilustrada.

CARME TUBÍO BARREIRA

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

dende o inefable

XOVES 15 FEBREIRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

Sala Mozart, 19:45 h

Baldur Brönnimann, director

Kari Kriikku, clarinete

- Kaija Saariaho: D'om le vrais sense
- Erich Wolfgang Korngold: Tema e variacións op. 42
- Kurt Weill: Sinfonía núm. 2

* Coa participación do alumnado do EAEM